

CARMEN VIDAL, XEFA DO SERVIZO DE ALERGOLOXÍA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA, RECIBE O PREMIO "CHARLES BLACKLEY AWARD 2024"

- Este prestixioso galardón internacional concédeo a Academia Europea de Alerxia e Inmunoloxía Clínica (EAACI)

Santiago, 11 de xuño de 2024.- A xefa do servizo de Alergoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, recibe o premio "*Charles Blackley Award 2024*", un galardón que concede a Academia Europea de Alerxia e Inmunoloxía Clínica polo labor na promoción da especialidade de Alergoloxía e a súa carreira profesional neste campo da Medicina.

A entrega tivo lugar en Valencia onde se celebrou o Congreso Europeo da especialidade e onde preto de 8.000 profesionais se xuntaron para debater os avances e accións innovadoras no campo da alerxia e a inmunoloxía clínica.

Este premio concédese en recoñecemento á destacada contribución de Carmen Vidal á promoción e avance da especialidade, demostrando a súa excelencia e liderado no na alergoloxía. "Estou honrada e agradecida por recibir este recoñecemento, testemuño do traballo duro e dedicación de todo o equipo, así como da importancia da alergoloxía e inmunoloxía clínica na saúde da nosa comunidade", expresou Carmen Vidal.

O Servizo de Alergoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, cumpriu en marzo do pasado exercicio, 30 anos dedicados ao servizo dos doentes con alerxia. Ao longo deste tempo, moitos profesionais pasaron polas súas consultas, aportando e recibindo coñecemento.

Hoxe en día, o servizo conta con 7 médicos especialistas e residentes e ten un elevado prestixio no mundo da alergoloxía no noso país e en Europa. Cada ano, preto de 5.000 novos doentes son atendidos nel cunha abordaxe integral de toda a patoloxía alerxolóxica. Caracterízase polo seu interese na investigación traslacional e ten captado múltiples proxectos de investigación de financiamento competitivo, que derivaron en coñecemento publicado en máis de 220 artigos científicos. Tamén destaca por un importante labor docente, dedicando moitos esforzos ao ensino dos estudantes de medicina.

Saúdos